

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Elevar a definitiva a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo de tres prazas de oficial de policía pola quenda de promoción interna do Concello de Culleredo e nomeamento de funcionarios en prácticas

ANUNCIO:

Por resolución núm. 546 da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior de data 1 de abril de 2025 resolveuse o seguinte, que en extracto di:

“**Primeiro.-** Elevar a definitiva a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para cubrir tres prazas de oficial de policía local, pola quenda de promoción interna, segundo a proposta do tribunal cualificador de data 31/03/2025 (documento SEFYCU 5731855).

Segundo.- Nomear funcionarios en prácticas da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local (C1), con dereito ás retribucións que legalmente lles corresponda en dita situación con cargo á Corporación, nos termos previstos nas bases da convocatoria e con efectos dende o comezo do curso selectivo de formación teórico-práctico para a nova categoría na Academia Galega de Seguridade Pública, convocado pola Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, e ata que se produza o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira no novo posto ao que accedesen ou a súa exclusión do procedemento selectivo, aos seguintes tres aspirantes que superaron o proceso selectivo coas puntuacións totais que se detallan a continuación:

- 1º. Fernando Vázquez Gil (7,624 ptos.)
- 2º. Salvador Lafuente Ramos (7,22 ptos.)
- 3º. Pablo Barreiro Sánchez (6,845 ptos.)

Terceiro.- Notificar esta resolución ás persoas interesadas conforme aos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, e art. 3.2 h) do RD 128/2018, de 16 de marzo, e comunicala aos servizos municipais afectados.

O gasto farase con cargo ás partidas: 132.12403, 132.12400 e 132.12401.

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderá interpoñer, con carácter potestativo, e sen prexuízo de calquera outros que estime oportunos, recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante este órgano, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, ante o correspondente Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación -artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 209 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.”

Culleredo, 2 de abril de 2025

A concelleira de Cohesión Social,

Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

PD. Resolución núm. 1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)